


## RESEÑAS



**EMILIO LLEDÓ. *Sobre la educación. La necesidad de la Literatura y la vigencia de la Filosofía*. Barcelona. Taurus, 2018. ISBN: 978-84-3061-926-9**

Na raíz da palabra «educación» está un verbo latino que significa «guiar», «conducir»; pero tamén sacar algo de alguén: guiar, pois, e desenvolver o que xace no fondo orixinario de cada natureza, que é dinamismo, posibilidade, evolución, progreso. (Lledó, 2018: 18)

Preocupado pola deterioración da educación, o profesor Lledó fainos partícipes da súa maneira de interpretala e de entendela, achegando rigorosos e profundos argumentos na «defensa da educación pública que faga desaparecer as azarosas e inxustas

diferenzas que necesariamente impón a sociedade»; evidenciando a necesidade de cultivar a liberdade porque «non se trata só de poder dicir, de poder expresarse, senón de poder pensar, de aprender a saber pensar para, efectivamente, ter algo que dicir»; usando provocativos interrogantes «que importa a liberdade de expresión se o que expresamos é o discurso estúpido e baleiro das palabras mal sabidas, dos conceptos manipulados, incluso por nós mesmos, das ideas estereotipadas, convertidas en graxa ideolóxica que se requenta no rescaldo dos nosos medos e dos nosos intereses?»; tamén preocupándonos con sabias advertencias: «só unha censura sería perigosa: aquela que inconscientemente non impuxémos a nós mesmos porque perdémos a paixón por entender, a felicidade cara ao saber»; e acudindo a didácticos exemplos de educación para a democracia, como cando fai referencia a *Juan de Mairena*, o magnífico libro de A. Machado, no diálogo con ese profesor, que fala a uns alumnos apócrifos por ser «unha das máis estimulantes e iluminadoras lecturas que pode facerse para sermos cidadáns libres, para aprendermos a pensar e sentir».

O brillante profesor practica nestes textos o que tan ben teoriza: «Ser mestre quere dicir abrir camiños, sinalar rutas, animar proxectos e, sobre todo, contaxiar entusiasmo intelectual», e baixo esta paixón polo coñecemento ilumina co seu potente foco teórico algúns dos males concretos que afectan á nosa institución universitaria, «esa ranqueante, monótona e baleira máquina de frustración», que están a impedirle a súa inserción no apaixonante mundo do saber e da creación intelectual –presuposto que entende, ademais, é similar na chamada ensinanza media.

Os 18 textos desta recompilación, publicados entre 1978 e 2009, son un convite a pensarmos sobre a cultura, a política e a educación, por consideralas cuestións esenciais para o desenvolvemento humano. Recollemos, a modo de síntese, algunhas das reflexións que, formando parte do seu argumentario, nos dan pistas para desenvolver unha pedagogía da xustiza e da solidariedade.

### A manipulación da linguaxe

O autor sinala que un dos males do noso tempo radica no desgaste, no rozamento, na despreocupación por entender o sentido das palabras que utilizamos e, incluso, na manipulación máis ou menos consciente das palabras xa ocas, que poñemos en circulación o cal, entende que pode converterse nunha forma de escravitude, por mor do abandono das institucións que deberan cultivala.

Ao considerar a linguaxe un elemento decisivo da liberdade, chama a atención sobre o poder do imperio dixital conformado por determinados grupos, económica e politicamente superiores, que están a monopolizar a maior parte dos medios de información, e producindo un desbordamento de mensaxes puntuais que van «aniquilando, lentamente, a posibilidade, a necesidade de pensar, de entender, mesmo de ler»; e tamén unha proliferación de imaxes electrónicas que «impresionan, desgarran, adozan a nosa intimidade, pero non din (...) de aí a súa perigosidade (...). Illadas de calquera contexto, necesitamos enfialas en palabras para que nos digan algo do seu sentido»; e conclúe sinalando un dos seus efectos máis perversos: «na medida en que a nosa mente se robotiza, ninguén, e menos os gobernantes, teñen que xustificar actos, expoñer

razóns: bástalles con dar ordes, que serán asumidas e cumpridas». Como alternativa para non ser devorados pola industria dixital sinala «unha mente capaz de assimilar, ou sexa de sintetizar, de interpretar e de entender», isto é, requírese unha defensa crítica da educación que brote tamén do centro da sociedade.

### Demagogia e capacidade utopizante

Especialmente indignado se mostra na súa crítica ás urxentes reformas pedagóxicas actuais que, baixo unha «arañeira terminolóxica, se esfuma, se disimula e se maltrata calquera empeño pedagóxico verdadeiro de saír ao modesto e luminoso camiño onde nos espera a nosa mais importante revolución pendente».

Explica polo miúdo como, desde séculos, a vida universitaria leva no noso país nunha deterioración crecente, acelerada e fomentada nos últimos decenios, e denunciando que «calquera formulación minimamente xeral, modestamente teórica, corre o perigo de ser devorada, nada máis xurdir, polo dinamismo dos procesos que cada día acenden o ánimo e apreman con respostas inmediatas, con posturas de urxencia». Conceptualizando este estado como *capacidade utopizante* («ese poder do poder para expeler da sociedade á que domina aquilo que non lle convén; para desarticular fóra da historia, da fábula inmediata dos seus intereses e ganancias, calquera contestación; para desarticular calquera xesto de rexeitamento»), chama a atención sobre como o lento desgaste dunha sociedade e unha política, capaz de reabsorber toda disidencia, e de domesticar os comportamentos máis agrestes, acaba por deixar unha pesada carga de escepticismo antes os esforzos máis sostidos.

### **Unha educación pragmática, examinadora e «asignaturizada»**

«Unha enfermidade crónica abátese sobre a maioría da xuventude española. Diagnosticada poucas veces e nunca remediada, ten esterilizados a capacidade creadora e o desenvolvemento intelectual». Así de contundente explica o profesor como a materia e o exame, erixidos en pezas consubstanciais da universidade, fan que todo o demais pareza accesorio, inclusive o profesorado: «xa non importa quen explique esas materias, o caso é que se expliquen, o que permite seguir mantendo a ficción dun funcionamento, pois unha universidade que examina, crese, é unha universidade que funciona».

Resulta especialmente atractiva a súa reflexión acerca da expresión «preparar exames», ao explicar que «os exames non se preparan, o que se prepara ou se debería preparar é o coñecemento dunha disciplina, dun saber, dun territorio de coñecemento»; e entende que unha xuventude filtrada por todos eses anos de exames acaba maltratando a súa mente, as súas ilusións e pensando que «o apaixonante mundo do saber e da ciencia é ese horroroso organismo de mediocridade, falso pragmatismo e ignorancia que leva frustrando durante séculos as nosas mellores posibilidades intelectuais».

En relación cos coñecementos científicos, critica a evidente parcialización de territorios das carreiras universitarias, marcados por un indubidable selo utilitarista do saber, sendo esa obsesión pragmática «de orientar a xuventude para gañar a vida, que é a forma máis estúpida de perdela», a responsable de que o alumnado universitario «se vexa engarzado por unha cadea que

o arranca do subsolo histórico e teórico no que se nutren os seus estudos, para facerlle esquecer o posible aspecto humanista, formativo, creativo da súa aprendizaxe, na esperanza exclusiva da súa instalación e aparcamento social».

Denuncia, tamén, como a suposta *relación* entre universidade e sociedade teña servido, moitas veces, para que, a través dela, tivese lugar a máis miserable privatización dun ben público: «aquela que serve para alimentar os intereses de individuos privados que desde poeirentas ideoloxías confesionais, ou desde os máis descarados pragmatismos, son campo de cultivo para incompetentes oportunistas».

### **Sociedades que educan para a liberdade**

Fronte a «esta arrasadora maquinaria para crear alienación», o modelo educativo defendido polo profesor Lledó reivindica *as ciencias humanas*, propoñendo a revisión do concepto de humanidades, que incluíría tamén as ciencias da natureza; *a necesidade da literatura* como «territorio da infinita posibilidade», pois a lectura, os libros, «son o máis asombroso principio de liberdade e fraternidade, esa posibilidade de vivir outros mundos, de sentir outros sentimentos, de pensar outros pensares»; *a vixencia da filosofía* polo valor dos problemas abordados que, ampliando a nosa concepción do posible, enriquecen a nosa imaxinación intelectual e diminúen a nosa seguridade dogmática.

Reclama a universidade como centro de pensamento independente, onde a interdisciplinariedade é unha esixencia, pois a finalidade dos contidos que se crean e transmiten é mellorar a vida humana. Entende, así, que o esencial da docencia uni-

versitaria é a elaboración e transmisión de coñecementos, onde o profesorado «non está para facer traballar, para preparar exames, senón para ensinar os contidos, os problemas, os horizontes do desenvolvemento dun determinado ámbito do saber e fará que o estudante acuda a el porque lle interesa realmente o que ensina». Engade «un mestre non é aquel que explica, con maior ou menor clareza, conceptos estereotipados que sempre se poderán coñecer mellor nun bo manual, senón aquel que transmite na disciplina que profesa algo de si mesmo, da súa personalidade intelectual, da súa concepción do mundo e da ciencia».

Verbo dos retos educativos pendentes, avanza que, se a sociedade se presta, o futuro o van constituír, imaxinar e realizar formas permanentes de educación caracterizadas por «estar presente en toda a vida da persoa, proxectarse máis alá da aula ou da escola, rebordar a súa acción máis alá do sistema escolar, recoller a posibilidade de exercer funcións educativas a outras axencias ou axentes sociais ademais do profesorado»; e este tipo de educación esixirá a total revisión dos métodos, contidos e institucións do noso sistema educativo, ademais de convencer a clase política de que financien este proxecto de reforma, verdadeiro investimento prioritario que se pode facer neste país.

A educación permanente podería ser unha réplica posible a estes *outros educadores que* están supeditados, polo xeral, a intereses e ideoloxías que non teñen, necesariamente, que compartir a tese inicial de *que educar é liberar*: «Talvez o definitivo ideal sexa o de facer da vida enteira un proceso de educación permanente no que a sociedade mesma asuma a función educadora... Talvez o reto da educación estea noutro territorio máis amplo, máis impreciso; e que vaia esixir de nós un extraordinario e arriscado esforzo de imaxinación».

O profesor Emilio Lledó explica os motivos que o levan a seleccionar «Noticia do mestre Inmanuel Kant sobre a organización das súas clases no semestre de inverno do 1765-1766», como derradeiro texto desta recompilación, porque «estas páxinas admirables reflicten nitidamente algunhas das enfermidades crónicas do noso sistema educativo, e das pragas que asolan implacablemente a nosa miserable estrutura universitaria».

Reflexión que eu copiaría, palabra a palabra, para recomendar unha lectura sosegada desta recompilación imprescindible *Sobre a educación*.

Ana IGLESIAS GALDO  
Facultade de Ciencias da Educación  
Universidade da Coruña